

Almanaque Agrícola

ano
LXIX



Ano 2021


Campamento romano
de *Aquís Querquennis*
en Bande (Ourense)

syngenta



Cuprantol Duo

Protección combinada



Cuprantol Duo

syngenta®

© 2020 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de uso.

®

Índice


Beneficios de ter un sistema de xestión de seguridade en Syngenta	4		
Rescatando anacos do noso pasado: O Érbedo	8		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "O oficio de Cabaqueiro"	12		
Convocatoria novo certame: "O oficio de Cesteiro"	24		
As nosas castes de vide: A variedade "Castañal"	26		
Xaneiro	30	Santiago	42
Febreiro	32	Agosto	44
Marzo	34	Setembro	46
Abril	36	Outubro	48
Maio	38	Novembro	50
San Xoán	40	Nadal	52
Guieiro de malas herbas mundiais	55		
Guía de tratamentos viñedos galegos	58		
Outros males da viña	60		
Consellos para os coidados da viña	62		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	65		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	66		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	68		
Tratamentos das patacas	70		
Tratamentos do millo e outros cereais	72		
O Parque Natural: Baixa Limia / Xures	73		
Feiras gastronómicas	80		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	87		
Contos	114		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	116		
Rodenticidas	119		
Enderezos dos nosos colaboradores	122		



a nosa fábrica

Beneficios de ter un sistema de xestión

apoiado pola cultura de seguridade e saúde en Syngenta en tempos de crise



No momento en que se está a escribir este texto -setembro de 2020- é difícil saber se será interesante no momento da publicación. Neste intre todas as novas son sobre a pandemia Covid-19. Tampouco é posible adiviñar cando poderemos dedicar parte da nosa atención a outros temas.

Entón creo que, independentemente da situación en Galicia e España cando se publique este texto, será interesante dar a coñecer as vantaxes que está a supoñer no centro de traballo do Porriño ter ben implantado un sistema de xestión de seguridade e saúde para afrontar esta crise.

Na fábrica Syngenta do Porriño está implantado un sistema de xestión de seguridade e saúde dende o 2012. Comezouse coa implantación da especificación OHSAS 18001, que se converteu na norma certificable ISO 45001: 2018, da que se pasou a última auditoría de seguimento en febreiro de 2020. Noutras palabras, temos experiencia de 8 anos de implantación de normas de seguridade e saúde no traballo definidas e auditadas anualmente.

Máis alá, en Syngenta a seguridade e saúde de todos os traballadores é sempre unha prioridade. Isto quere dicir que, ademais de contar co apoio e os recursos necesarios, existe unha cultura que implica todos os traballadores a todos os niveis para alcanzar este obxectivo.

A combinación destes dous feitos -a robusta implantación dun sistema de xestión no lugar de traballo e unha forte cultura da seguridade e a saúde en Syngenta- están a axudar a superar esta situación.

Os beneficios que estamos a observar nestes tempos de crise pódense agrupar en catro tipos:



- Recursos dispoñibles.
- Procedementos de xestión implantados.
- Coñecementos técnicos.
- Cultura de seguridade e saúde en todos os traballadores.

A continuación explícanse cada un deles:



Recursos dispoñibles:

Para garantir a seguridade e a saúde no traballo, son necesarios tanto recursos humanos como materiais. Grazas a ter recursos no noso lugar de traballo, somos capaces de xestionar esta situación excepcional. Por unha banda, os recursos persoais, como é o servizo de prevención, tanto propio como alleo, ou o acceso ao servizo médico que nos axuda a comprender o risco e cal é a mellor maneira de xestionalo dende o punto de vista médico. Por outra banda, os recursos materiais, como foi o acceso rápido a especialistas en limpeza e desinfección de instalacións que xa traballan de maneira habitual nas nosas instalacións. Esta sección tamén contén os equipos de protección individual (EPI).

Procedementos de xestión implantados:

Hai empresas que ven como un inconveniente a obriga de ter procedementos de traballo e xestión definidos para conseguir a certificación. Aínda que é certo que ás veces se cae nun exceso de burocracia, normalmente por inexperiencia, en momentos difíciles é cando se aprecia dedicarlle con anterioridade un tempo a procesar as formas de traballo. No momento de urxencia, ter estudado as diferentes opcións e cal é a mellor forma de resposta evita caer na improvisación e permite tomar unha decisión baseada en criterios correctos.



Algúns exemplos que estamos a aplicar nesta situación:

Existencia dun procedemento para a recepción de persoal externo nas nosas instalacións que inclúe un curso de indución coas normas de seguridade e saúde que se deben seguir. Adaptouse ampliando o contido coa normativa de prevención relacionada coa Covid-19.

Dispoñibilidade de plans de limpeza en todas as instalacións: adaptáronse para aumentar a frecuencia nas zonas máis transitadas.

Disponibilidade de plans de resposta de emerxencia e plans de continxencia para garantir a continuidade empresarial: creáronse hai uns anos en resposta á posibilidade de estenderse a gripe A e a gripe porcina. Agora actualizáronse considerando os posibles escenarios da Covid-19.

Información médica: coñecemento por parte dos médicos do servizo de vixilancia da saúde do persoal que puidese ter máis risco en caso de contaxio e aplicación de medidas específicas.

Coñecementos técnicos:

Aínda que a situación é nova, neste caso tamén se aplican coñecementos técnicos sobre medidas de prevención.

Dous exemplos sinxelos:

Tipos de EPI, nivel de protección que ofrecen e forma de uso e conservación: para manexar produtos fitosanitarios, é preciso dispoñer de EPI de diferentes niveis de protección segundo as tarefas. Avaliouse a idoneidade dos EPI dispoñibles para este novo risco e definíronse cales son os máis adecuados. Un coñecemento adquirido ao longo dos anos por todos os traballadores na correcta utilización e colocación dos EPI é unha gran vantaxe.

Syngenta conta con persoal cualificado nas áreas de medicina e seguridade e saúde no traballo. Se ben aínda non se dispón de coñecementos suficientes sobre o virus, os recursos médicos de Syngenta elaboraron unhas pautas básicas de acción para previr infeccións nas nosas instalacións.

Cultura de seguridade e saúde:

Aínda que se menciona no último lugar, este é probablemente o punto máis importante dos catro porque é o único que non se adquire rapidamente nin se pode subcontratar.

A base está no convencemento por parte de todo o persoal de Syngenta de que a prioridade é a seguridade e a saúde de todos os que traballamos aquí.

Isto fixo que a reacción por parte da empresa no seu conxunto fose rápida. Como exemplo, antes de se declarar o estado de alarma en España xa estábamos a actualizar os plans de emerxencia e continxencia e revisamos a lista de medidas de prevención para implementar segundo o nivel de risco no que nos atopásemos.

Un punto importante da cultura do HSE é promover que todos os traballadores detecten e comuniquen observacións no seu lugar de traballo que poidan supoñer un risco para si mesmos ou para os seus compañeiros. Dende aquí



aproveito para agradecer a todos aqueles que detectaron e comunicaron situacións que se poderían mellorar para reducir o risco de contaxio.

Esta sensibilidade e responsabilidade tampouco se limita ao interior da fábrica. Unha verdadeira cultura de HSE non se mantén só dentro do lugar de traballo, senón que se debe ampliar á vida persoal.

Ata o de agora mencionáronse os beneficios que están a ter na fábrica do Porriño -e creo que os meus compañeiros doutros centros de traballo de Syngenta estarán de acordo- a implantación dun sistema e unha cultura de seguridade e saúde.

Tamén houbo e segue habendo dificultades para atravesar esta crise e mencionareinas a continuación porque un aprende tamén das dificultades.

Esta pandemia obrigounos a cambiar moi rapidamente as nosas formas de traballar. E aínda que tamén temos procedementos de xestión do cambio, a natureza dos cambios e a velocidade están fóra do que estabamos afeitos.



Na fábrica do Porriño, un dos factores de éxito é o traballo en equipo e a sensación de pertenza a un proxecto común. O distanciamento social, o traballo remoto ou a incapacidade de atoparse cara a cara fan necesario atopar formas alternativas que non sempre acadan o mesmo resultado.

A comunicación clara, correcta e a tempo é sempre importante. Coa evolución da situación dun xeito tan rápido e imprevisible, a xestión das comunicacións está sendo un reto.

Obviamente, a xestión diaria da produción viuse afectada, especialmente nos primeiros momentos en que había grandes incertezas sobre se a loxística das materias primas continuaría. Grazas ao traballo de todos os departamentos, dentro e fóra da fábrica, a produción mantívose sen parar un só día.

E finalmente a parte máis humana: o manexo das emocións. É difícil xestionar as emocións en tempos de crise, é máis difícil cando a crise pode afectar a saúde persoal ou os que nos rodean.

Como conclusión deste artigo, quero subliñar que, aínda que non temos a poción máxica para a Covid-19, desde a fábrica do Porriño e de Syngenta en xeral, estamos encantados de seguir fabricando produtos para garantir-lle a subministración de alimentos á poboación. E facémolo navegando por esta pandemia buscando as mellores solucións posibles para os traballadores, para os nosos socios externos e para os nosos clientes.



ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

O Érbedo (*Arbutus unedo*, L.)



"No concello de Vinhais (Portugal), lindeiro co da Mezquita (Ourense) dise que a noite da consoada (Noiteboa) algunhas persoas van ao monte coller érbedos (medroñeiros, erbedros, esbedros, erbedeiras, morroteiros, morongueiros, morodoeiros, amoroqueiros ou albedros) e logo déixanos ao orballo da noite a ver se vén o demo catalos. Non se recomenda comer máis dun froito cada vez, pois teñen moito alcol e son alucinóxicos; na Fonsagrada chámanlles "borrachións"



Flores (arriba) e froitos (abaixo) do érbedo

Descrición e ecoloxía

Orixinario do sur de Europa, está distribuído sobre todo na rexión mediterránea. Ocupa zonas de matogueira seca e de maquis, mais non é raro atopar érbedos ao longo da costa atlántica até Irlanda. Tamén nos bordos de bosques e ladeiras pedregosas de montañas. Espontánea nas zonas cálidas de Galicia (provincia de Ourense e o sur da de Lugo) e nas concas dos ríos.

Pequena árbore de até 10 metros de altura, que mantén as follas durante todo o ano. De crecemento moi lento. Copa apertada de desenvolvemento redondeado e bastante regular. As pólas son retortas e dobradas sobre un tronco que raramente é recto. A cortiza nos exemplares novos é de cor parda aver-



mellada, mais coa idade torna gris, agretada, áspera e moi escamenta.

Follas simples elípticas, duns 10 centímetros de lonxitude, marxe enteira finamente dentada e un pouco corréudas. Flor de cor branca coa corola en forma de globo, agrupadas en panículas, péndulos que aparecen sobre a árbore no outono ou a comezos do inverno. O froito é unha baga globosa, verrugosa, pasando do verde ao amarelo e escarlata, ata o vermello escuro ao final. Madura no outono do ano seguinte coincidindo coa nova floración, aparecendo simultaneamente flores do ano e froitos do ano anterior.

Usos

Os amorodos ou morotes, cando están maduros, conteñen un 10 % de alcol, polo que antigamente adoitaban utilizar este froito para elaborar bagazos e vinagres. Os seus usos son moitos, pero quizais o máis coñecido sexa o uso que se lle dá na cociña.



Érbedo Señeiro, Pazo de Mariñan, Bergondo (A Coruña)



Érbedo Señeiro, Pazo de Mariñan, Bergondo (A Coruña)

Malia que teñan pouco sabor, son ricos en azucre, pectina e acedo málico, polo que adoitan empregarse para elaborar xelatinas, marmeladas e confeituras, aínda que tamén poden consumirse crus. Teñen propiedades antiinflamatorias, antirreumáticas e diuréticas. Unha vez elaborado, é ideal para aderezar carnes, caza e, sobre todo, froitas exóticas.

As follas e a cortiza son adstrinxentes e, como tal, combaten diarreas e a disentería; as follas tamén teñen propiedades antisépticas.

A madeira tense utilizado en tornaría. Tamén arde moi ben, mantendo moito tempo a brasa e dando calor; o carbón obtido é moi bo para as forxas.

A árbore e moi apreciada como uso ornamental en parques e xardíns polas follas sempre verdes e a tonalidade vermella dos froitos que, cando están maduros, lle confiren unha grande vistosidade.

Outras curiosidades

- Segundo a mitoloxía grega o érbedo xermolou do sangue vertido por Xerión, o monstro de tres corpos que matou Hércules. En Roma este arbusto, símbolo da inmortalidade, estaba consagrado á ninfa Cardea.
- O érbedo coñécese en Galicia por moitos outros nomes: albedro, ambrolo, amorote, borta, caraxeta, caraxiqueiro, erbedeiro, erbedo, morodeiro, morodo, morogueira, morote, moroteiro, vedreiro. Tamén o seu froito: amorote, borra-chís, caraxica, fartabellacos, morodo, morote, murogo.
- O érbedo é, xunto a unha osa, o símbolo do escudo da cidade de Madrid. Así mesmo, é a árbore que lle dá nome ao aeroporto da Coruña, no municipio de Culleredo.


Erbedais ou erbededos

Os érbedos forman no Parque Carlomagno (Santiago de Compostela) unha pequena agrupación (erbedal) na aba do Monte de San Lázaro ou Alto da Canteira, en dirección sur cara á rúa da Agra do Vieiro. Son doados de recoñecer debido a que mostran os seus característicos froitos durante todo o ano.

Nas beiras do río Deza, na zona do mosteiro de Carboeiro, no concello pontevedrés de Silleda, é frecuente atopar moitas destas árbores pódolle cor á fin do verán e sobre todo ao outono, cando os froitos están maduros e coinciden coas flores brancas.

Tamén se poden ver no Paseo das Ninfas, ás beiras do río Miño, en Ourense; en toda a beira de Mende a carón do río Miño, no norte de Lugo; nas beiras do río Lor, no sur de Lugo; tamén no canón do río Bibei, preto das Ermidas, en Ourense, e no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

Un exemplar de gran porte está catalogado dentro dos Árbores señeiros de Galicia e atópase no Pazo de Mariñán en Bergondo provincia da Coruña.





O CABAQUEIRO

Autor: Xosé Lois Iglesias

Historia do oficio do cabaqueiro



Cheminea dunha antiga telleira no Rosal

Un cabaqueiro era un telleiro que se dedicaba a facer tellas e ladrillos a man, é dicir, de maneira tradicional. Habitualmente eran campesiños que se dedicaban ós labores agrícolas e gandeiros, pero durante cinco meses se dedicaban profesionalmente á elaboración de tellas para obter un complemento salarial co que poder sobrevivir naquela época de miseria. De feito, un 90 % dos homes do Rosal e da Guarda ocupábase, de

maneira temporal, a este oficio. Non se trataba de ganancias moi altas, senón máis ben todo o contrario, ben humildes, que ían entre as 2.000 pesetas ás 3.000 (dependía do posto) por temporada (anos corenta) para posteriormente chegar ás 30.000 pesetas (épocas posteriores).

As telleiras (cabaqueiras) xurdiron coa chegada dos romanos á Península Ibérica, aló polo século I a. C., que foron os que trouxeron a tégula,


que era unha peza de barro cocido con forma rectangular que se usaba para substituír a palla dos tellados castrexos. Máis adiante, coa chegada dos árabes á península, comézase a utilizar tamén a forma ímbrice. De feito, a este tipo de tella chámaselle tella curva do país ou árabe. A pesar de que conviviron as dúas formas de tellas, foi a partir de aquí cando se impuxo definitivamente a forma ímbrice debido ao tipo de construcións da época, tales como castelos, igrexas, mosteiros etc. O motivo foi que esta peza era máis curta e delgada que a tégula e, ademais, era máis fácil a súa subida e manexo nos tellados.

As cabaqueiras adoitaban situarse preto das poboacións, sempre e cando contasen cos tres elementos básicos: auga, barro e leña. Esta loca-


lización debíase a que unha telleira estaba en función e ao servizo da poboación, e deste xeito evitábase tamén o transporte distante. Non obstante, tamén se erguían naquelas zonas en que nacía unha vila, ou cando esta entraba nunha fase de desenvolvemento industrial, sempre o máis próximo a unha zona de arxila. Non só se crearon en zonas de interior, senón que algunhas telleiras se montaron nas ribeiras dos ríos e nas beiras do mar debido a que estas zonas eran ricas en barro de moi boa calidade e, ademais, facilitaba o transporte do material pola vía marítima.

Esta industria de elaboración de tellas estaba integrada por unha rudimentaria caseta (chufana), que era o lugar en que se comía e durmía. Mentres non se fabricaba material,


PLANTA DUNHA TELLEIRA



7



- 1.- Pías
- 2.- Forno
- 3.- Caseta
- 4.- Cuberto
- 5.- Praza
- 6.- Leñeira
- 7.- Eira





Pieiro amasando o barro co cabalo

esta facíase de terróns e cubríase con palla, ramas, canas, xunco. Durmíase sobre palla e as necesidades había que facelas ao aire libre, posto que non había auga corrente. Outro lugar era o xacemento do barro, que se lle chamaba barreiro. Outro lugar clave era a eira (costaneira), onde se deixaba o material a secar. Preto de aquí estaba sempre a pía, que era o espazo en que se amasaba o barro, moitas veces coa axuda dun cabalo. A peza clave de calquera telleira era o forno. Nalgunhas ocasións xa estaba feito, pero outras veces inda o había que construír. Polo xeral, eran de pedra, e cunha forma que tanto podía ser circular como cadrado, e o seu interior estaba forrado con ladrillos. E, finalmente, e pegado a a esta, situábase o cuberto, que era a dependencia en que se gardaba o material para protexelo das inclemencias meteorolóxicas ou incluso como almacén.

A cuadrilla de cabaqueiros estaba formada polos seguintes membros: o buxa, o oficial, o tendedor, o pieiro, o carretilleiro e o cociñeiro. O buxa era o amo, quen se encargaba de contratar os membros do equipo e de arrendar unha telleira para poder

traballar nela, salvo que a tivese en propiedade. O oficial era quen amasaba o barro dentro da gradilla para establecer as medidas da futura tella. O tendedor era quen recollía a tella que facía o oficial e a tendía na eira, e así dáballe a forma acanalada. Polo xeral era un mozo duns quince anos, unha persoa áxil para que puidese colocar o maior número de tellas por xornada. O oficial e o tendedor constituían a alma da cabaqueira e nunha día podían facer entre 2500 e 3000 tellas. O pieiro encargábase de amasar o barro na pía, cos pés, inda que na maioría dos casos contaba coa axuda dun cabalo (belbo). O carretilleiro (chioneiro) encargábase de transportar o barro da pía á eira. Ademais, era tamén o encargado de preparar a mudada (monte de barro) e deixarlle lista ao oficial, que lla deixaba sempre á súa dereita. E, finalmente, o cociñeiro, que era un cativo duns dez anos, ou incluso menos, que ía por primeira vez á telleira. Á parte de preparar o caldo (choco), tamén se encargaba de realizar os diversos recados da cuadrilla.

Para formar unha cuadrilla antes tiña que realizar o amo o axuste, que era a contratación. Este realizábase sempre de maneira oral e deixábase constancia a través dun apertón de mans. Nunca quedaba nada por escrito, tanto do acordo como das súas condicións. A operación popular de contratación verbal levábase a cabo en lugares moi concretos. De feito, realizábase nas tabernas da zona, nos domingos á saída da misa maior das 12.00 h no adro da igrexa e os

días que coincidía coa feira na vila. Un día especial era o 18 de abril, coñecido como feira do virachaquetas, xa que nesta data se pechaba definitivamente os tratos, pero, nalgunhas ocasións, algúns telleiros deixaban plantados un amo para marchar con outro porque lle ofrecía un beneficio maior. Moitos buxas, para evitar perder a algún dos seus membros, optaba por comezar a temporada se-

manas antes de que chegase a data do virachaquetas.

Unha vez pechado o acordo co amo, e logo de superar o 18 de abril, todo telleiro tiña que prepararse para a súa ida. Gardaba nunha maleta de madeira a súa pouca equipaxe e despedíase da súa familia. Polo normal, estes homes emprendían a viaxe a pé, en tren ou en cabalo, e xa en épocas máis próximas en moto, e algúns en



Daorde de lurio (amigo de pedra) na praza do Rosal

coche. A modalidade de a pé e a caballo adoitaba empregarse cando as telleiras se atopaban no interior de Galicia, inda que se documentaron casos en que se desprazaron así ata León e municipios da zona. En cambio, a segunda forma de desprazamento dábase cando ían traballar a terras de Castela ou a calquera outro punto da xeografía española.

A temporada duraba aproximadamente cinco meses, dende maio ata setembro, aínda que en ocasións se prolongaba ata outubro. Esta actividade non era de sol a sol, senón de estrela a estrela, xa que se erguían en plena noite (sobre as 06.00 h) e culminaban a xornada xa coa lúa no ceo (case medianoite).

Calquera escusa era válida para os amos para prolongar a estadia dos cabaqueiros, inda que iso non implicaba un aumento de soldo. Porén, os buxas moitas veces non pagaban coa puntualidade acordada, e poñían como escusa a dificultade en vender o material.

Unha vez completada a temporada, os cabaqueiros recollían as súas cousas na maleta e tomaban o tren de regreso á casa. Na viaxe de volta, para evitar que calquera ladrón intentase roubarlle os cartos (lerxes) gañados durante a temporada, coñían a bolsiña de diñeiro na roupa interior como medida de seguridade. O diñeiro da temporada tiña un destino premeditado. Por un lado, para pagar as débedas da casa durante a súa ausencia; por outro lado, para mercar algunha leira; e xa finalmente, para a compra doutros elemen-



Demostración de tender tellas no Rosal

tos, tales como un animal, unha bicicleta, roupa nova, un reloxo, un anel de compromiso etc. O neno, polo xeral, nunca cobraba nada ao ser a súa primeira temporada, salvo unhas zapatillas.

As cuadrillas que iniciaran a temporada antes do 18 de abril tiñan a oportunidade de regresar ós seus fogares o 29 de setembro, día de San Miguel. Mais a maioría dos cabaqueiros non regresaba á casa (Ghalleira) ata pasado setembro. Na primeira metade do século XX creouse a festa de todo daorde: a Pilarica, que se celebra tódolos 12 de outubro. Na actualidade, nesta data celébrase no Rosal a Romancha do cabaqueiro en honor deste oficio tradicional desaparecido e das súas xentes que, durante séculos, saíron da súa terra na procura duns cantos duros para poder sobrevivir na miseria.

Materials e ferramentas usadas polos cabaqueiros

Os cabaqueiros, logo de arrincar o barro e de amasalo na pía, formaban a mudada, que era o material que ían usar definitivamente para facer tellas e ladrillos. E para cortalo en pañóns empregábase o coitelo ou sable.


Para iso servíanse dunha serie de aparellos e ferramentas vitais. O banco era o espazo en que o oficial preparaba as tellas. Para iso botaba man da gradilla, que era unha unha especie de molde co que facer as tellas (había distintos tamaños. Nela introducía o barro e co raseiro eliminaba e alisaba a peza. A continuación deitaba a lámina de barro no formal, que era o elemento que lle ía dar forma curva á tella (podían ser tanto metálicas como de madeira).

Para facer os ladrillos había distintos tipos de marcos. Se se ían facer ladrillos perforados, entón empregábase o peine para facer eses buracos. E tanto nos macizos como nos perforados empregábase a agulla para separar o material do marco.

Outros elementos empregados foron o carretillo, que se usaba para transportar tanto o barro como as pezas. O rodo permitía deixar libre de impurezas a eira. Coa plantilla ou plantillón deixábase ao mesmo nivel os ladrillos, e en ocasións a eira.

Ademais destas ferramentas tamén se empregaban outros elementos máis xenéricos como a aixada, o pico e a peneira.

FERRAMENTAS DO TELLEIRO



- 1.- Raseiro
- 2.- Pía do raseiro
- 3.- Pía do baño
- 4.- Banco de tres patas
- 5.- Mudada
- 6.- Carretillo
- 7.- Coitelo ou sable
- 8.- Mazo
- 9.- Marcos de facer ladrillos
- 10.- Peine para facer ladrillos perforados
- 11.- Gradilla
- 12.- Formal
- 13.- Agulla
- 14.- Plantilla ou plantillón
- 15.- Rodo

Espazos comúns para achegar o material das tellas

Nas zonas do interior, é dicir, sen costa ou río, o barro transportábase desde a barreira á cabaqueira en carros tirados por bois, burros ou cabalos, ou mesmo transportábase en carretas. En ocasións, mesmo o traían os propios telleiros en cuncos de madeira, se se encontraba o xacemento de barro próximo. En cambio, nas zonas do Salnés utilizaban un barco para transportar o barro da barreira mariña.


Para sacalo de alí, os lancheiros aproveitaban a seca e cunha aixada limpaban a broza e amuraban o espazo para arrincar o barro en pañóns. Uns cavaban e outros levábano ao barco, de maneira organizada, antes de que volvese subir a marrea. Algunhas veces había que facer un caixón no espazo da barreira, con táboas, para protexela da subida do mar.

E ao chegar á telleira botábase unha prancha, desde o barco á terra para carrexar o barro, á cabeza, en tinas cadradas de madeira, con corenta ou máis quilos de peso.

Despois o barro deixábase estendido na praza para pos-


teriormente picalo coas aixadas en tonas de dous ou tres centímetros de grosor para que logo amolecese ben cando se fose botar na pía e, deste xeito, non se fixese terrón.

E, xa por último, botábase na pía e deixábase amolecer medio día ou unha noite. Despois entraba na pía o pieiro co cabalo a pisar o barro ata que este ligase.



Cunco de madeira para transportar barro

Importancia económica e social dos telleiros en Galicia e a súa relación con Castela



Emigraban cinco ou seis meses ao ano para realizar a temporada cabaqueira ao longo da xeografía española, fuxindo da miseria. Tanto era así que na aldea de orixe só quedaban mulleres e nenos menores de trece anos.

Os telleiros tamén realizaban labores no campo ou retazaban sargazo da costa. Cando acontecía isto, non había xente suficiente para as necesidades existentes e buscaban man de obra noutras zonas, e aí foi onde comezou a emigración no Baixo Miño. Nas zonas en que máis emigración se produciu foron nas parroquias de Salcidos (A Guarda) e na de Santa

Mariña (O Rosal), aínda que tamén houbo en Tomiño e Oia.

A mobilidade dos mestres telleiros foi constante no período que vai desde a segunda metade do século XVIII ata mediados do XX, momento en que a xa potente estrutura febril dos procesos de produción das tellas e dos ladrillos era xeneralizada en toda España, con fábricas permanentes. Os destinos preferentes ao longo deste tempo foron Galicia e Castela, unha área extensa e diversa que ocupa todo o noroeste, as dúas mesetas e a parte máis occidental de Andalucía.

O vínculo que o telleiro establecía no seu lugar de traballo era estritamente

te profesional. Isto debíase ao tipo de vida que se desenvolvía nos centros de traballo. Todo xiraba arredor da propia telleira, que era ao mesmo tempo o lugar de traballo e de residencia. Mais, naqueles lugares aos que ían máis dunha temporada as relacións cos seus habitantes ían máis aló do profesional.

Tradicionalmente dicíase que os telleiros eran antisociais, e máis aínda co uso do verbo diante deles, pero o certo é que algúns acabaron relacionándose coas persoas da zona e mesmo chegaron a formar a súa propia familia por Galicia adiante, e mesmo pola península.



Tellóns con marcas

Novos métodos de facer tellas, novos materiais e tecnoloxías

A partir dos anos sesenta do século XX comeza a desaparecer a fabricación artesanal para pasar á mecanización ou directamente xa á creación de fábricas. O barro, ao chegar á fábrica, bótase nun desmenizador para que circule ben pola tolva. De aí pasa a un muiño, onde se tritura ata que o barro acade a finura desexada. A continuación ese po pasa á amasadora e mestúrase con outros compoñentes, como auga e carbonato de bario, ata que a mestura quede ben preparada. Despois este barro pasa pola galleteira, que é onde se lle dá o último amasado, extráese o aire ao barro, compáctase e dásele a forma desexada. Unha vez conformada a tella, esta vai a un secadoiro, onde se lle extrae a porcentaxe de auga que contén. Nesta fase tamén se po-

den pintar e decorar. E, finalmente, de aí xa pasan ao forno para cocelas. Antes as tellas unicamente estaban feitas con barro. A día de hoxe temos variedade de materias. As máis representativas son: de vidro, traslúcidas e de formigón. Coas de vidro pódese conseguir un teito funcional, ademais de eficiente e atractivo, xa que aproveitan a enerxía solar fotovoltaica para transformala en enerxía que se poida empregar na propia vivenda. As traslúcidas permiten o paso da luz, pero non dos raios directos. Fábranse con plásticos resistentes á exposición solar e ao impacto. E, finalmente, as de formigón presentan unha resistencia mecánica máis alta que a tella cerámica e non absorben auga.

Cantigas

- Anda, rapás,
que unhas tortas
e outras sen orellas,
todas son tellas.
- Uns foron polos muíños,
outros foron pola leira,
e os que aquí non viñeron
pasaron pola telleira.
- De onde vés, María?
Veño do regueiro
de lavar a roupa
ó meu telleireiro.
- As tellas do teu tellado
verten auga sen chover;
tamén os meus ollos choran
cando non te podo ver.
- Ábreme a porta, rapaza,
senón entro polas tellas;
teño un rapaz empezado
e fáltanmelle as orellas.
- Pola costiña das Neves
velaí veñen os telleiros,
ponde a caldeira ao lume,
lavai as pernas, mulleres.
- Santiago xa pasou,
Nosa Señora tamén.
Alégrate telleiro
que San Miguel logo vén.
- O oficio de telleiro
é un oficio cruel:
meter barro, sacar barro
e se chove a recoller.
- Sei cantar e sei bailar,
todo se me dá na man,
menos o de facer tellas
que se me aplastan no chan.
- O orgina está mosca
porque se lle acaba o burel,
os ferretes están contentes
porque lle vén San Miguel.
- Murce, murcelán,
tamborilazo no cazón.
O burel e ximarras pros daordes
e pro cata que pariña
zouza de tisco.

Supersticións

Se un cativo tiraba un dos seus dentes de leite a un tellado tiña asegurado unha boa dentición.

Para librarse da dor de oídos era recomendable dar voltas arredor da igrexa cunha tella na cabeza.

Se unha moza tiraba unha pedra ao tellado, tiña asegurado un bo noivado ou casamento.

Para remediar os problemas do par-

to, o marido debía ir ao tellado e revirar unha das tellas.

Mentres os nenos que acababan de nacer non se bautizasen, a nai non podía saír da vivenda sen levar unha tella na cabeza.

Cando alguén falecía retirábase a tella do punto máis alto do tellado para facilitar o paso da alma do finado ao outro mundo.

Refráns

- ↻ A mellor tella, a máis vella
- ↻ A tella, preto da orella
- ↻ Tella de igrexa, ouro gotexa
- ↻ En tellado vello todas son pingadas

Ditos

- ↻ Se algunha cousa compras vella, compra tella!
- ↻ O banco parado na cabaqueira, esta é unha fumeghadeira!
- ↻ O buxa plantou o salgheiro e deixou o cardeño a fumegar!
- ↻ O oficial que non enche a eira é unha fumeghadeira!
- ↻ Cabaqueiro co banco parado, fumegha polos catro costados!
- ↻ Sol metido, amo fodido
- ↻ Brota o salgheiro, para a fóra o cabaqueiro
- ↻ Florece o salgheiro, alixe o cabaqueiro
- ↻ Os salgheiros florar, os cabaqueiros a marchar
- ↻ Empezan os merlos a cantar, os cabaqueiros a alambrar
- ↻ Os cabaqueiros a alambrar, as nenzas a jaitear
- ↻ Florciñas no eido, á casa o cabaqueiro
- ↻ Florciñas no terreiro, á ciba o cabaqueiro
- ↻ Florciñas na eira, daordes á ghalleira

Conto

Nunha ocasión, hai xa moitos anos, achegouse a unha telleira en Castela un home, tamén natural de Castela, que quería comprar unha carrada de tellas para tellar unha casa. Foi falar co amo e rapidamente chegaron a un acordo sobre o prezo. Xa estaban os telleiros a cargar o carro rapidamente de tellas cando o paisano lles di: no me pongáis de esas tejas que les chamaís «da noca¹». Ponedme de esas que vosotros les chamaís «xidas²».

Estaba un telleiro cargando o carro con brazados de tellas e o outro que llas levantaba dicíalle: «da noca, da noca, da noca, da noca...» e para tapar por detrás «da xida». Ata que o comprador, que non entendía nada, lles di: Caramba! Que me estás mandando de la noca muchas y de la xida solo me estás mandando una!

¹ Mala.

² Boas.

Xerga (o verbo)

Os cabaqueiros, ao igual ca outros oficios, crearon e desenvolveron a súa propia xerga gremial, coñecida como o verbo. Descoñécese en que momento histórico se puido crear. O motivo da súa aparición radica na necesidade que tiveron estes traballadores de se protexeren, e mesmo defenderen, do resto da sociedade, xa que se trataba dun oficio estacional e ambulante en que estaban condenados a emigrar tanto dentro de Galicia como na península. Ademais, cando se atopaban con algún descoñecido, empregaban o verbo para que non os entendesen. Actuou tamén como un elemento de cohesión grupal, social e profesional.

Segundo os diversos estudos realizados, esta xerga conta con máis de tres mil vocábulos. Toma como base o galego para a súa construción sintáctica. O seu vocabulario está integrado por formas galegas, castelás, portuguesas e mesmo vascas, pero a maioría son formas orixinais, froito da creación; o resto guíanse polo uso de afixos recorrentes e da adaptación de termos doutras falas gremiais, coma a dos canteiros, afiadores, albaneis etc.

Con todo, publicáronse en dous semanarios guardeses, primeiro no Heraldo Guardés e despois no Nuevo Heraldo, unha serie de cartas ou mentiras, coñecidas como «Follecas da jalleira», que non eran máis que anécdotas da vida dos telleiros escritas no verbo. Moito se ten falado sobre se estas cartas eran reais ou pura ficción, mais amosábano a dureza do traballo e a desconfianza constante na poboación á que ían traballar.

Un exemplo no verbo sería: os catas do bellorrio da Marcela pariñan quillados. Enterban nexo as jaluancias dos daordes, que quere dicir que «os habitantes da aldea de Castela están amolados. Non entenden nada do que están a dicir os telleiros».



Cabaqueiros do Rosal en Castela



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2021

TEMA: “O oficio de Cesteiro”

SYNGENTA, continuando coa tradición deste “Almanaque” de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre “O oficio de Cesteiro”.

O traballo gañador publicárase na próxima edición do “Almanaque agrícola ZZ”.

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia “CONCURSO” antes do 15 de Outubro de 2021. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil,...). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto. marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - A cestería en Galicia: zonas históricas de produción.
 - Materiais e ferramentas usadas polos cesteiros.
 - A cestería e o comercio de cestas no rural.
 - Tipos de cestas, as súas orixes e usos .
 - Importancia social e económica do oficio.
 - Novas tecnoloxías na produción de cestas.
 - Refráns, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a esta actividade.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.
- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de novembro de 2021.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon+**[®]
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.



As novas Castes de Vide



A variedade "Castañal"

1. Antecedentes

García de los Salmones (1914) cítala na localidade de Tui, Pontevedra, e Freijanes e Alonso (1997) cítana como cultivada na zona do Rosal.

2. Situación actual

Localizada na subzona do Rosal da DO Rías Baixas. Non está contemplada como variedade autorizada para a elaboración de viños en ningunha das DD.OO., aínda que recentemente se incluíu no Rexistro de variedades comerciais.

3. Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación media e maduración precoz. Moi sensible ao oídio e de sensibilidade media ao mildeu e á botrite.



4. Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade media. A cara dorsal e ventral dos entrenós e nós é verde. As xemas non presentan pigmentación antociánica.

Folla nova

A folla nova é verde con peluxe tombada de densidade alta.



Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade media de pelos tombados entre os nervios principais, baixa sobre os nervios principais do envés do limbo; perfil plano; limbo con avultamento e inchazón débil; dentes con lados rectilíneos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar con lóbulos lixeiramente superpostos e coa base en V; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; peciolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

Acio

O acio cilíndrico, de lonxitude, anchura e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás.

O pedúnculo é de lonxitude curta.

Bago

O bago de cor azul negra presenta forma elíptica curta.



Agradecimiento:

Agradecemos á adega Valmiñor e ao seu viño Castañaal 100 pola súa disposición para a realización desta reportaxe gráfica.

Descrición tomada da:

A colección de vides da estación de viticultura e enoloxía de Galicia
Consellería do medio rural – Xunta de Galicia.





Boa uva, **bo** viño

O teu mellor aliado fronte á botrite e asperxilo



Ao final, o que de verdade importa é a calidade



syngenta.



© 2018 Syngenta. Todos os dereitos reservados.
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de uso.

O TEMPO








No enceto do ano ventos ve-laíños non impedirán que haxa días escentilantes de sol e noites de estrelas. Malia segundo o mes avance aparecerán buzarrs moi mestos que agocharán o sol. Os ventos procedentes do Atlántico, cangados de golfor, ao enfriarse poderán traer algunha que outra chuvia en determinados puntos do país con certa intensidade. As xiadas non faltarán ao lumbrigar os días. O estado do mar será picado.

"San Xulian garda o viño e garda o pan"

"O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en maio galiña"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2020)	13,06	2,13	7,17	17	153,98
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2020)	11,40	4,02	7,26	14	201,03
Lugo	Campus Lugo (2000-2020)	10,61	1,12	5,12	13	83,30
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2020)	12,40	6,30	9,20	15	118,90
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2020)	10,00	2,80	6,10	7	90,70
	Ourense (2005-2020)	12,10	1,30	5,40	6	73,40
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2020)	12,00	0,20	5,00	12	132,00
	Corón-V. de Arousa (2002-2020)	13,40	7,00	10,10	9	110,10

1 V. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.

2 S. Ss. Basilio; Gregorio.

3 D. S. Xenoveva.

4 L. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.
1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 M. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.

6 M. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.



Cuarto Minguante

7 X. S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.

8 V. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.

9 S. S. Lucrecia.

10 D. **Bautismo do Señor**
S. Gonzalo.

11 L. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.
1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.

12 M. S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 M. S. Hilario.



Lúa Nova

14 X. S. Félix.

15 V. Ss. Raquel; Amaro.

16 S. S. Marcelo.

17 D. Ss. Antón Abade; Guido.

18 L. Ss. Prisca - Priscila.

19 M. S. Mario.

20 M. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.



Cuarto Crecente

21 X. S. Inés.

22 V. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 S. S. Virxinia.

24 D. S. Francisco de Sales.

25 L. S. Elvira.

26 M. Ss. Timoteo; Tito; Guímara;
Ansurio; Viliúlfo.

27 M. Ss. Ánxela Merici.

28 X. S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.



Lúa Chea

29 V. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 S. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

31 D. **Domingo de Septuaxésima.**
Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.

Febreiro

O TEMPO

O mes amosará a súa friaxe que engomificará os dedos de mans e pés, ademais das orellas e mesmo chegará ata o sámago dos ósos. Non se






desbota, que en certos días do mes, poidan acadar gran forza algunha treboada e mesmo saraibadas. Malia no decorrer dos mes xunto, con xeiras xotas, haberá solleiras para quentar o carrelo. As brétemas serán importantes. Os mariñeiros non se azurrarán a saír ao mar pois se amosará alporizada.





"Neve febreiriña pica galiña"

"En febreiro mete obreiro, pan che comerá pero traballo che fará"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2020)	16,52	4,30	9,99	8	66,74
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2020)	14,03	5,25	9,16	10	154,74
Lugo	Campus Lugo (2000-2020)	15,51	1,21	7,50	5	57,89
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2020)	15,70	6,70	10,90	5	51,50
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2020)	14,40	5,20	9,30	4	47,30
	Ourense (2005-2020)	17,60	2,50	8,80	4	32,50
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2020)	14,90	0,90	7,70	7	68,10
	Corón-V. de Arousa (2002-2020)	15,30	7,70	11,20	8	50,20


-
- 1 L.** S. Severiano.
-
- 2 M.** S. Candeloria. Presentación do Señor.
-
- 3 M.** Ss. Brais; Óscar; Francisco Blanco.
1807. Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.
-
- 4 X.** S. Xilberte.
 **1135.** Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).
1864. Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.
1893. Morre en Vigo Concepción Arenal.
-
- 5 V.** S. Ádega.
-
- 6 S.** Ss. Doris; Paulo Miki.
-
- 7 D.** S. Gastón.
